



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Lingua e Cultura Clásica		Código	613G03006
Titulación	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma				
Prerrequisitos				
Departamento	Filoloxía Española e Latina			
Coordinación	Gonzalez Muñoz, Luis Fernando	Correo electrónico	fernando.gonzalez.munoz@udc.es	
Profesorado	Ferraces Rodriguez, Arsenio Gonzalez Muñoz, Luis Fernando	Correo electrónico	a.ferraces@udc.es fernando.gonzalez.munoz@udc.es	
Web				
Descripción xeral	Estudo da lingua, da literatura e doutros aspectos da cultura latina da Antigüidade, con especial atención ao seu legado na civilización occidental			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A13	Coñecer a lingua, a literatura e a cultura latina.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)			Competencias da titulación
Coñecer as técnicas de análise lingüística e literaria		A1	
Aplicar as técnicas de análise lingüística e literaria a textos literarios latinos		A2	
Coñecer a historia da lingua latina		A13	
Coñecer a historia da literatura latina		A13	
Coñecer aspectos relevantes da cultura latina e da súa pervivencia na civilización occidental		A13	B8
Sintetizar e valorar críticamente información especializada		A11	B7 C6
Utilizar recursos bibliográficos, bases de datos e ferramentas de procura de información		A11	B1
Relacionar os contidos específicos desta materia cos de outras áreas e disciplinas		A14	B5 C4
Organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva			B6
Apreciar a diversidade			B8

Contidos	
Temas	Subtemas



1 Instrumentos para o estudo da civilización latina e o seu legado	1.1 Principais recursos bibliográficos para o estudo do mundo antigo e da lingua e a literatura latina 1.2 Outros recursos dispoñibles na web
2 Morfoloxía nominal da lingua latina	2.1 A flexión dos substantivos 2.2 A flexión dos adjetivos 2.3 A flexión dos pronomes 2.5 A transmisión manuscrita e impresa
3 Morfoloxía verbal da lingua latina	3.1 As formas do tema de presente 3.2 As formas do tempo de pasado 3.3 Infinitivos, xerundio e participios
4. Sintaxe da lingua latina I: a oración simple e a oración de relativo	4.1 Funcións e usos dos casos 4.2 Sintagmas preposicionais 4.3 As oracións de relativo
5 Sintaxe da lingua latina II: a oración subordinada	subordinada 5.1 As oracións de infinitivo (Acl) 5.2 As oracións subordinadas substantivas 5.3 As oracións subordinadas adverbiais: causais, consecutivas, finais, concesivas e condicionais
6 Concepto e periodización da literatura latina	6.1 Concepto e usos da literatura no Mundo Antigo 6.2 Particularidades dos sistemas literarios da Antigüidade: oralidade e escritura; literatura, vida social e educación 6.3 Etapas da literatura latina 6.4 A transmisión manuscrita e impresa
7 Descripción xeral dos xéneros literarios poéticos na literatura latina	7.1 Poesía épica 7.2 Poesía dramática 7.3 Poesía didáctica 7.4 Xéneros da poesía persoal: lírica, iambo, elexía, epígrama, sátira, bucólica
8 A poesía épica en Roma	8.1 Existiu en Roma unha épica oral? 8.2 O poema histórico romano 8.3 O cultivo do epilion en Roma 8.4 Breve introducción á Eneida 8.5 A épica romana despois de Virxilio
9 Análise literaria da Eneida: aspectos de contido	9.1 A materia de Troia na Eneida 9.2 A protohistoria de Italia na Eneida 9.3 O discurso histórico da Eneida 9.4 As prácticas relixiosas na Eneida
10 Análise literaria da Eneida: aspectos formais	10.1 A caracterización dos personaxes 10.2 As técnicas narrativas 10.3 A elocución épica 10.4 O estilo virxiliano

## Planificación

Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	20	38	58
Lecturas	0	20	20
Proba obxectiva	2	10	12
Sesión maxistral	22	0	22
Traballos tutelados	0	36	36
Atención personalizada	2	0	2



\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Análise de fontes documentais	Exercicios de análise e comentario lingüístico e literario de textos latinos. Estes exercicios levaranse a cabo maioritariamente nas sesións prácticas
Lecturas	A lectura por conta do estudiante da Eneida de Virxilio e de outros documentos relacionados con esta obra, por exemplo, a biografía de Virxilio de Suetonio ou o resumo da lenda troiana na Bibliotheca Mitologica de Apolodoro, terá carácter obligatorio e será avaliado mediante un control de lectura específico. Na aula darase lectura pública a textos diversos ao longo dalgunhas das sesións prácticas
Proba obxectiva	Os estudiantes farán un exercicio práctico a metade do cuatrimestre sobre as cuestións desenvolvidas nos cinco primeiros temas, e un segundo exercicio teórico a final de curso sobre as cuestións correspondentes aos cinco últimos temas.
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor de contidos relativos a cada un dos temas e subtemas co apoio de presentacións en formato power-point e documentación adicional en formato impreso ou dixital (en especial, recursos web)
Traballos tutelados	O estudiante elaborará por conta propia, baixo a supervisión do profesor, un traballo individual de análise literaria a propósito da Eneida

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Análise de fontes documentais	O estudiante asistirá a tutorías individuais concertadas a fin de que o profesor supervise a planificación e o desenvolvimento do traballo tutelado e das actividades de análise de fontes documentais

Avaliación		
Metodoloxías	Descripción	Cualificación
Análise de fontes documentais	As diversas actividades de análise e comentario de textos faranse en sesións presenciais de carácter práctico e con dinámica de grupo. Valorarase tanto a asistencia como a participación activa de cada estudiante no desenvolvemento das mesmas.	10
Lecturas	O estudiante dará conta do aproveitamento das lecturas obligatorias por medio de exercicios específicos de control de lectura.	15
Proba obxectiva	Probas escritas individuais de carácter práctico e teórico, que se efectuarán, respectivamente, a metade e a final de curso a propósito dos diversos contidos desenvolvidos, tanto nas sesións maxistrais como nas sesións de carácter práctico. Requirirase unha cualificación mínima de 4 en cada unha destas probas para poder facer media cos demais conceptos.	50
Traballos tutelados	Valorarase sobre todo o rigor da análise e a capacidade de síntese, mais tamén a orixinalidade dos enfoques, así como a corrección da expresión escrita. A presentación deste traballo ten carácter obligatorio para superar a materia.	25

Observacións avaliação
En caso de que as actividades presentadas por escrito non cumpran unhas esixencias mínimas de corrección lingüística, serán devoltas sen avaliar ao estudiante para que as revise e as entregue de novo.
Os estudiantes que non aprobasen a materia na oportunidade de xuño poderán repetir en xullo as probas e/ou os traballos non superados ou aqueles aos que non se presentasen.
O estudiante será cualificado con Non Presentado en caso de que non realice as probas obxectivas previstas.
O estudiante matriculado na modalidade de tempo parcial será dispensado de asistencia ás sesións prácticas. A porcentaxe da avaliação correspondente a estas (10%) será compensado na baremación das probas obxectivas, que pasarán do 60% ao 70%.



## Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"><li>- Apolodoro (1993). Biblioteca Mitológica. Madrid. Alianza</li><li>- Leighton D. Reynolds e Nigel G. Wilson (1986). Copistas y filólogos. Madrid. Gredos</li><li>- Virgilio (2008). Eneida. RBA editores</li><li>- George Hacquard (2008). Guía de la Roma antigua. Atenea</li><li>- Carmen Codoñer Medrino (1997). Historia de la literatura latina. Madrid. Cátedra</li><li>- Michael Von Albrecht (1992/1997). Historia de la literatura romana I-II. Barcelona. Herder</li><li>- J. Molina Yévenes (1993). Iniciación a la fonética, fonología y morfología latinas. Barcelona</li><li>- Tomás González Rolán e Lisardo Rubio (1985). Nueva gramática latina. Madrid</li><li>- Lisardo Rubio (1995). Nueva sintaxis latina simplificada. Madrid. Ediciones clásicas</li><li>- J.M. Baños Baños (2009). Sintaxis del latín clásico. Madrid. Liceus</li><li>- Hugo Francisco Bauzá (2008). Virgilio y su tiempo. Madrid. Akal</li><li>- Anne Marie Guillemin (1982). Virgilio: poeta, artista y pensador. Barcelona. Paidos</li></ul>
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"><li>- Juan Signes Codoñer (2005). Antiquae lectiones. El legado clásico desde la Antigüedad hasta la Revolución Francesa. Madrid. Cátedra</li><li>- M.C. Howatson (1991). Diccionario de la literatura clásica. Madrid. Alianza</li><li>- Pierre Grimal (1965). Diccionario de mitología griega y romana. Barcelona. Paidós</li><li>- Richard Jenkyns (1995). El legado de Roma. Una nueva valoración. Barcelona. Crítica</li><li>- Rudolf Pfeiffer (1981). Historia de la Filología Clásica I-II. Madrid. Gredos</li><li>- E.J. Kenney ? W.V. Clausen (1989-1990). Historia de la literatura clásica, pp. 372-410. Madrid. Gredos</li><li>- George A. Kennedy (2003). La retórica clásica y su tradición cristiana y secular. Logroño. Instituto de Estudios Riojanos</li><li>- Gilbert Highet (1978). La tradición clásica I-II. México. FCE</li><li>- Luis Alfonso Hernández Miguel (2008). La tradición clásica. La transmisión de las literaturas griega y latina antiguas y su recepción en las vernáculas occidentales. Madrid. Liceus</li><li>- Guy Serbat (1994). Les structures du latin. Paris. Paris</li><li>- Giuglielmo Cavallo e outros (1989/1991). Lo spazio letterario di Roma antica (5 vols.). Roma</li></ul>

## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

## Observacións

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías